

RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DE ADQUIRENTES EN SEGUNDAS OU
POSTERIORES TRANSMISIÓNS

EXPEDIENTE:	<u>LU92503 6</u>
SITUACIÓN:	<u>Camíño de Romai nº 5, 1º B</u>

Por resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Infraestruturas e Vivenda de Lugo de data 16-06-2017 iniciouse o proceso de selección de persoas adquirentes en segundas ou posteriores transmisións en relación coa vivenda de promoción pública pertencente ao expediente LU92503 6, ao abeiro do establecido no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, *polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas.*

Co obxecto de seleccionar as persoas adquirentes para a dita vivenda, esta foille ofertada a través da páxina web do Instituto Galego da Vivenda e Solo ás persoas que, atopándose inscritas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia na data da resolución de inicio do proceso, manifestasen por escrito o seu interese na adquisición no prazo de 15 días dende a data de alta na páxina web.

No prazo citado non foi presentada ningunha solicitude para participar no procedemento de selección que cumprise todos os requisitos ou completase todos os trámites para poder ser designado adquirente.

A vivenda continuou publicitada na páxina web do IGVS para xeral coñecemento.

Con data 28-07-2025 presentouse unha solicitude de inclusión no procedemento de selección de adquirentes por don/a LAURA MENDEZ FERNANDEZ (nº credencial 119375).

Polo que, unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos para ser designado adquirente, o director territorial da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas de Lugo

ACORDA:

Designar como directamente adquirente a don/a LAURA MENDEZ FERNANDEZ (nº credencial 119375) da vivenda LU92503 6.





Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpor recurso de alzada no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao de recepción da presente notificación perante a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, de conformidade co previsto no artigo 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lugo, na data da sinatura electrónica.

O director territorial da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas
Marco Antonio Fernández Piñeiro

(Asinado electronicamente).

